

FICHA DE INSCRIPCIÓN ACTIVIDADES SOCIO-CULTURAIS E DEPORTIVAS DO CONCELLO DE CABANAS
CURSO 2024/2025

DATOS DA PERSOA PARTICIPANTE

APELIDOS _____

NOME _____

NIF _____ DATA DE NACEMENTO _____

ENDEREZO _____

C.P. _____ LOCALIDADE _____ CONCELLO _____

TELÉFONO/S _____

ENDEREZO ELECTRÓNICO _____

EMPADROADO/A: SI NON

Para persoas non empadroadas pero

MATRICULADAS NO CEIP ELADIA MARIÑO

FAMILIAS TRABALLADORAS NO MUNICIPIO DE CABANAS

(É necesario presentar xustificante de matrícula) (É necesario presentar documento xustificativo de traballo)

NENOS/AS – RAPACES/ZAS

ACTIVIDADES	MARQUE CUNHA "X"
CULTURAIS	
LITTLE ENGLISH (E. Infantil)	<input type="checkbox"/> Porto_Martes, das 15:30 ás 16:30 h
TEATRO (E. Primaria)	<input type="checkbox"/> Porto_Venres, das 15:30 ás 17:00 h
XADREZ (E. Primaria e E.S.O.)	<input type="checkbox"/> Porto_Grupo desde 4º de Primaria e E.S.O_Luns, das 15:30 ás 16:30 h <input type="checkbox"/> Porto_Grupo desde 1º a 3º de Primaria_Mércores, das 15:30 ás 16:30 h
DEPORTIVAS	
JUDO (a partir dos 4 anos, E. Primaria e E.S.O)	<input type="checkbox"/> Porto_Grupo a partir dos 4 anos ata 3º de E. Primaria_Luns, das 15:30 ás 16:30 h <input type="checkbox"/> Porto_Grupo desde 4º de E.Primaria e E.S.O_Luns, das 16:30 ás 17:30 h
MULTIDEPORTE (4º, 5º e 6º de E.Primaria)	<input type="checkbox"/> Porto_Martes e xoves, das 17:00 ás 18:30 h
MULTIDEPORTE E.S.O	<input type="checkbox"/> Porto_Venres, das 16:30 ás 18:00 h
PÁDEL (a partir de 1º de E. Primaria)	<input type="checkbox"/> A Veiga_Sábados, das 12:00 ás 13:00 h
PATINAXE (todas as idades)	<input type="checkbox"/> Lavandeira_Grupo do Luns, das 18:00 ás 19:30 h <input type="checkbox"/> Lavandeira_Grupo do Mércores, das 18:00 ás 19:30 h
PSICOMOTRICIDADE (E. Infantil)	<input type="checkbox"/> Porto_Mércores e venres, das 15:30 ás 16:30 h
PREDEPORTE (1º, 2º e 3º de E.Primaria)	<input type="checkbox"/> Porto_Martes e xoves, das 15:30 ás 17:00 h
AULA MULTIMEDIA (Antigo Concello)	
E-MAKERS* (a partir dos 8 anos)	<input type="checkbox"/> Cabanas_Venres, das 18:30 ás 20:30 h

AUTORIZACIÓN PARA PARTICIPAR NAS ACTIVIDADES SOCIO-CULTURAIS E DEPORTIVAS DO CONCELLO PARA O PERÍODO 2024/2025: Dª/D _____ con NIF _____ como (nai, pai, titor/a) do/a neno/a ou rapaz/a participante, autorizo a súa asistencia as actividades sinaladas.

NO CASO DE QUE O NÚMERO DE CONTA SEXA O MESMO QUE O DO CURSO 2023/2024, DOU O MEU CONSENTIMENTO PARA QUE SE CARGUE(N) O(S) RECIBO(S) DA(S) ACTIVIDADE(S) NA DITA CONTA.

Cabanas, _____ de _____ de 202__ Asdo.:



INFORMACIÓN XERAL DAS ACTIVIDADES SOCIO-CULTURAIS E DEPORTIVAS DO CONCELLO DE CABANAS CURSO 2024/2025

1. Para a realización das actividades deberá existir un número mínimo de participantes. O dito número dependerá do tipo de actividade e do aforo estipulado. O Concello resérvase o dereito de non iniciar aquelas actividades que non cheguen ao número mínimo requirido.

2. Só se admitirán as solicitudes presentadas no Rexistro Xeral do Concello nos seguintes prazos:

- **Persoas empadroadas e, no caso de menores de idades non só empadroados/as senón tamén matriculados/as no CEIP Eladía Mariño ou familias traballadoras no municipio de Cabanas:**

- **De maneira telemática (na Sede electrónica do Concello): desde as 8:30 horas do luns 9 ata as 23:59 horas do domingo 15 de setembro**
- **De maneira presencial: desde o luns 9 ata o venres 13 de setembro, en horario das 8:30 ás 13:30 horas.**

- **Persoas non empadroadas:**

- **De maneira telemática (na Sede electrónica do Concello): desde as 8:30 horas do luns 16 ata as 23:59 horas do domingo 22 de setembro**
- **De maneira presencial: desde o luns 16 ata o venres 20 de setembro, en horario das 8:30 ás 13:30 horas.**

Rogamos que se respecte o prazo de inscrición para facilitar a formación de grupos e saber o número exacto de participantes en cada actividade. As solicitudes presentadas antes destes prazos de inscrición non se terán en conta.

Avisarase soamente no caso de que a actividade non comece. Nos demais casos, as **clases** están **programadas para empezar a partir do día 1 de outubro de 2024 (no seu horario correspondente) e rematar o 13 de xuño de 2025.**

3. No caso de existir varias solicitudes que superen o número de participantes a admitir, darase preferencia ás persoas empadroadas no Concello de Cabanas, por orde de inscrición no Rexistro Xeral do Concello. Se quedan prazas vacantes, para as persoas non empadroadas, seguirase o mesmo criterio: por orde de inscrición no Rexistro Xeral do Concello. Unha vez rematados os prazos de inscrición, e continuasen quedando prazas libres, aquelas persoas interesadas en participar nas ditas actividades, poderán formalizar a súa inscrición.

4. De acordo coa modificación da Ordenanza fiscal número 26 reguladora do prezo público por participación en actividades socio-culturais, deportivas e recreativas (publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña (BOP) o 4 de xullo de 2018) establécense os seguintes prezos:

➤ **Actividades de 1 hora semanal: 4,90 € para as persoas empadroadas e 7 € para as persoas non empadroadas.**

***Agás a actividade de pádel que sería 6,30 € para as persoas empadroadas e 9 € para os persoas non empadroadas**

➤ **Actividades de 1 hora e media semanal: 7,35 € para as persoas empadroadas e 10,50 € para as persoas non empadroadas**

➤ **Actividades de 2 horas semanais: 9,80 € para as persoas empadroadas e 14 € para as persoas non empadroadas.**

➤ **Actividades de 3 horas semanais: 14,70 € para as persoas empadroadas e 21 € para as persoas non empadroadas**

- **Curso e-makers: 64,61 € o CURSO TOTAL para as persoas empadroadas (coa bonificación de carácter xeral do 30%, podendo ser maior) e 92,30 € o CURSO TOTAL para as persoas non empadroadas.**

Para fomentar a participación da veciñanza, ademais da bonificación con carácter xeral dun 30%, as persoas empadroadas neste Concello poderán sumar as seguintes bonificacións – cubrindo a devandita solicitude de bonificación facilitada polo Concello e presentando a correspondente documentación xustificativa –:

- Un 10% para os participantes que sexan membros de familia numerosa (terán que entregar fotocopia da folla de familia numerosa);
- Un 10% para os participantes membros da unidade familiar na que os ingresos per cápita non acaden o IPREM. A estes efectos entenderase como unidade familiar a composta por todas as persoas que figuren inscritas na mesma folla padroal (terán que entregar fotocopia da declaración da renda);
- Un 10 % cando participen tres ou máis membros da mesma unidade familiar.
- * En casos excepcionais a Xunta de Goberno Local, ou de non existir, a Alcaldía, previo informe dos servizos sociais, poderá acordar a bonificación total ou parcial da contía do prezo público.

5. O pago da cota efectuarase unha vez que a persoa estea admitida na devandita actividade mediante domiciliación bancaria, para o cal será necesario cubrir o modelo facilitado polo Concello ou marcar o recadro correspondente á autorización no caso de que o número de conta sexa o mesmo que o do curso pasado. Os recibos pasaranse a cobro nos dez (10) primeiros días do mes seguinte no que se formalice a inscrición (é dicir, a mes vencido).
6. Os horarios son orientativos, suxeitos a modificacións en función da demanda existente, unha vez finalizado o prazo de inscrición. En función da traxectoria que siga cada actividade, o Concello resérvase o dereito a cambiar as horas ou, no caso de quedar por debaixo do número mínimo requirido, a anular a(s) devandita(s) actividade(s).
7. Co obxecto de manter o bo funcionamento e non alterar o desenvolvemento da actividade, **as baixas só se poderán realizar no mes de xaneiro de 2025** (salvo causa de forza maior acreditada)
8. Para darse de baixa será necesario cubrir unha solicitude específica para tal fin. Para que **non** se pase a **cobro** o mes **de xaneiro**, a **petición de baixa** terá que facerse **nos dez primeiros días de xaneiro de 2025**; senón a baixa causará efecto no mes seguinte á dita solicitude (é dicir, no mes de febreiro de 2025).
9. **A devolución dun ou varios recibos suporá que o titular de dito(s) recibo(s) deberá de facerse cargo dos gastos de liquidación emitidos pola entidade bancaria. O non pagamento das contías do prezo público no prazo establecido, sen solicitar e obter o seu aprazamento por causas debidamente xustificadas, dará lugar á baixa na participación nas actividades en que participe a persoa usuaria.**
10. O monitorado, salvo norma en contra do Concello, é o responsable do desenvolvemento da actividade, do coidado do material e das normas correspondentes para a súa utilización.
11. Os participantes respectarán o equipamento deportivo e o mobiliario das instalacións, ordenando o material unha vez utilizado.
12. Os participantes deberán manter unha conduta cívica, evitando actos que signifiquen un prexuízo para a instalación e para os/as restantes usuarios/as, así como cumprir e respectar os horarios programados para cada actividade.
13. Fomentaranse os hábitos saudables, polo que queda **prohibido nos pavillóns: o paso de envases de vidro ou metálicos; fumar; comer pipas ou froitos secos con casca.**
14. É obrigatorio a utilización de **calzado deportivo** para a práctica de cada modalidade deportiva así como cumprir e respectar os horarios establecidos para cada actividade.